

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

Acta de constitución do tribunal cualificador

Categoría: Asesor Psicolóxico para o CIM

(Nº Postos de traballo que se convocan: 1)

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 11:00 horas do día 03 de decembro de 2020, procédese á constitución do Tribunal que xulgará as probas selectivas e valoración de méritos para a provisión dunha **(1) praza de asesor psicolóxico para a obra / servizo “Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM)” (persoal laboral temporal)**, ao abeiro das bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 30 de outubro de 2020, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 03 de novembro de 2020.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data do 27 de novembro de 2020.

Estando presentes os membros do Tribunal designados por Resolución da Alcaldía nº 2020/1044 de data 27/11/2020, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido para a constitución do mesmo, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Tribunal titular:

Presidente : Alicia M^a López Míguez, Xefa Territorial da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade en Ourense

Secretario/a : María del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar, actúa neste acto con voz pero sen voto.

Vogais: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Manuel Pérez Nieto, adxunto ó xefe do servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Ourense.

Marina Sara González Soto, asesora xurídica en Asuntos de Urbanismo e Demais Servizos Municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

O tribunal contou co asesoramento nas especialidades técnicas do presente proceso selectivo da colexiada númeru 3445 – G do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A continuación procedese á valoración dos méritos que se detallan nas bases, a saber:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 4 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

B) FORMACIÓN: Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 2 puntos.

- | | | |
|----|---------------------------------|-------------------|
| 1. | Cursos de máis de 100 horas: | 0,50 puntos/curso |
| 2. | Cursos de entre 60 e 100 horas: | 0,20 puntos/curso |
| 3. | Cursos de menos de 60 horas: | 0,10 puntos/curso |

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Neste apartado non se valorarán:

- ✓ Cursos de idiomas ou de informática.
- ✓ Cursos formativos promovidos por asociacións de psicoterapia, nin empresas privadas.
- ✓ A asistencia a Congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública.

C) FORMACIÓN EN MÁSTER OU POSTGRADO: ata un máximo de 1 punto.

Valorarase únicamente a formación en máster ou postgrado relacionado co contido e funcións propias do posto de traballo:

- Máster ou postgrado cun mínimo de 600 horas: 1 punto

D) COÑECIMENTO DA LINGUA GALEGA: ata un máximo de 1 punto.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computarase únicamente o grao superior ó esixido:

- CELGA 5: 1 punto
- Linguaxe administrativa nivel medio: 0,5 puntos
- Linguaxe administrativa nivel superior: 1 punto

So se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente, conforme ao regulado nestas bases.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións das fases de oposición e de concurso.

Unha vez realizada polo Tribunal a valoración de méritos resultan os seguintes resultados:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	MÁSTER OU POSTGRADO	COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	TOTAL VALORACIÓN MÉRITOS
1	Canosa Raña, María Victoria	[REDACTED] 9062 [REDACTED]	4,00	2,00	0,00	0,00	6,00
2	Carnoto Figal, Iria	[REDACTED] 5468 [REDACTED]	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
3	González Freire, Mónica	[REDACTED] 5122 [REDACTED]	2,33	2,00	0,00	0,00	4,33
4	González Martínez, Patricia	[REDACTED] 9818 [REDACTED]	1,93	0,10	0,00	0,00	2,03
5	González Rico, Andere	[REDACTED] 8049 [REDACTED]	0,60	0,60	1,00	0,00	2,20
6	Mariño Padín, Mariña	[REDACTED] 8144 [REDACTED]	4,00	2,00	1,00	0,00	7,00
7	Núñez González, Ana María	[REDACTED] 7739 [REDACTED]	4,00	2,00	0,00	0,00	6,00
8	Pérez Fernández, Beatriz	[REDACTED] 7618 [REDACTED]	0,82	2,00	1,00	0,00	3,82
9	Ruiz Iglesias, Ángela	[REDACTED] 7086 [REDACTED]	4,00	2,00	0,00	0,00	6,00
10	Sieiro Paz, Andrea	[REDACTED] 9492 [REDACTED]	0,00	2,00	1,00	0,00	3,00
11	Vázquez Domínguez, Romina	[REDACTED] 2736 [REDACTED]	1,22	0,00	0,00	0,00	1,22
12	Vázquez Sanjurjo, Erika	[REDACTED] 0480 [REDACTED]	0,69	2,00	1,00	0,00	3,69

A Presidencia do Tribunal explica o proceso de oposición, que consistirá:

1. Proba de coñecementos.- Valorarase ata un máximo de 12 puntos, e estará integrada



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

por un exercicio de carácter obligatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar a un cuestionario de 40 preguntas más 4 de reserva tipo test con respuestas alternativas (das que só unha será correcta), sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario especificado no artigo 8 das anteditas Bases de selección.

2. O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha (1) hora desde o inicio da proba.
3. Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 6 puntos para aprobar (cada pregunta valerá 0,3 puntos).
4. As respuestas non contestadas non terán valoración.
5. As respuestas erróneas non penalizan.
6. O exame imprimirase, tanto en lingua galega como en lingua castelá.
7. Únese á presente Acta, como anexo I o texto do exame tipo test, e como anexo II a plantilla das respuestas correctas.
8. O Tribunal adopta a determinación de que, a parte do DNI e do Pasaporte, servirá o Carné de Conducir aos efectos de que o aspirante acredite a súa personalidade no momento do chamamento.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal Cualificador acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 11:02 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifíco.

O presidente,

Os/as vogais,

A secretaria,

EXAME

ASESOR/A PSICOLÓXICO

1) Respecto aos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, segundo a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

- a) Recoñeceranse aos traballadores e as traballadoras de xeito que fomenten a asunción equilibrada das responsabilidades familiares, evitando toda discriminación baseada no seu exercicio.
- b) O permiso e a prestación por maternidade concederanse nos termos previstos na normativa laboral e de Seguridade Social.
- c) Para contribuír a un reparto máis equilibrado das responsabilidades familiares, recoñécese aos pais ao derecho a un permiso e unha prestación por paternidade, nos termos previstos na normativa laboral e de Seguridade Social.
- d) Todas son correctas

2) Segundo a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, enténdese por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de xeito que

- a) as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexan menos do corenta por cento.
- b) homes e mulleres ao cincuenta por cento.
- c) as persoas de cada sexo non superen o oitenta por cento do total.
- d) a e b son correctas

3) Segundo o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a expresión mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social comprenderá, sempre como mínimo, a mulleres

- a) cunha situación de paro de longa duración
- b) que sexan maiores de trinta e cinco anos
- c) transexuais ou en proceso de reasignación sexual
- d) a e c son correctas

4) Segundo a Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra as mulleres, os Estados Partes comprométense a:

- a) Establecer a protección xurídica dos dereitos da muller sobre unha base de igualdade cos do home e garantir, por conduto dos tribunais nacionais ou competentes e doutras institucións públicas, a protección efectiva da muller contra todo acto de discriminación.
- b) Incorrer en todo acto ou práctica de discriminación contra a muller e velar porque as autoridades e institucións públicas actúen de conformidade con esta obrigación.
- c) Adoptar medidas adecuadas, lexislativas e doutro carácter, coas sancións correspondentes, que prohiban toda discriminación contra a muller.
- d) a e c son correctas.



5) A axuda periódica para vítimas de violencia de xénero ten como prazo de solicitude

- a) Do 1 de xaneiro ao 31 de novembro de cada ano.
- b) Do 3 de abril ao 31 de decembro de cada ano.
- c) 6 meses a partir da súa convocatoria anual.
- d) Todo o ano.

6) Equidade de xénero defínese como:

- a) proceso polo cal as mulleres e os homes exercen o control e fanse cargo da súa propia vida mediante unha ampliación das súas opcións.
- b) todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller.
- c) construcións socioculturais que diferencian e configuran os roles, as percepcións e os status das mulleres e dos homes nunha sociedade.
- d) a imparcialidade no trato que reciben mulleres e homes de acordo coas súas necesidades respectivas, xa sexa cun trato igualitario ou cun diferenciado pero que se considera equivalente no que se refire aos dereitos, os beneficios, as obrigacións e as posibilidades

7) O servizo telefónico de Atención e Protección para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO) consiste:

- a) Basease no emprego da tecnoloxía de comunicación móvil e telelocalización.
- b) Ofrece ás usuarias unha atención inmediata as 24 horas do día, os 365 días do ano.
- c) É un servizo de carácter gratuíto.
- d) Todas son correctas.

8) No caso de que a vítima teña responsabilidades familiares, o importe da axuda de pago único ás vítimas de violencia de xénero poderá alcanzar o dun período equivalente ao de:

- a) 6 meses de subsidio, ou de 18 meses se a vítima ou algún dos familiares que conviven con ela ten recoñecida oficialmente unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100
- b) 8 meses de subsidio, ou de 20 meses se a vítima ou algún dos familiares que conviven con ela ten recoñecida oficialmente unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100
- c) 10 meses de subsidio, ou de 24 meses se a vítima ou algún dos familiares que conviven con ela ten recoñecida oficialmente unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100
- d) 18 meses de subsidio, ou de 24 meses se a vítima ou algún dos familiares que conviven con ela ten recoñecida oficialmente unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por 100



9) A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece un sistema integral baseado en tres piases:

- a) Actuación, intervención e recuperación.
- b) Prevención, protección e recuperación da vítima e persecución do delito.
- c) Prevención, educación e sensibilización.
- d) Protección, intervención coa vítima e persecución do delito.

10) No artigo 3, da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, referente ao concepto de discriminación define as seguintes tipoloxías:

- a) Discriminación directa e indirecta.
- b) Discriminación directa, indirecta, múltiple e acoso discriminatorio.
- c) Discriminación homófona.
- d) Todas son falsas.

11) Cal das seguintes opcións fai referencia a un mito relacionado coa violencia de xénero:

- a) As mulleres cunhas certas características teñen más probabilidades a ser maltratadas.
- b) Os malos tratos ocorren debido aos celos.
- c) Os homes que maltratan ás mulleres son enfermos mentais nunha porcentaxe moi ampla dos casos.
- d) Todas son correctas

12) En que lei se introduce a creación dos xulgados especializados en Violencia de Xénero

- a) Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo.
- b) Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro.
- c) Lei 11/2007, do 27 de xullo.
- d) Todas son incorrectas

13) Serán principios informadores de actuación no exercicio de todas as funcións dos CIMs

- a) O respecto á confidencialidade e a vontade das usuarias na busca de posibles solucións.
- b) Coordinación cos servizos sociais comunitarios e demais servizos municipais.



- c) A prestación gratuíta de servizos, que se ofertarán atendendo á vocación de servizo público.
d) Todas son correctas.

14) Segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamiento integral da violencia de xénero, o dereito á asistencia psicolóxica gratuíta será aplicable tanto a mulleres que residindo ou traballando en Galicia sufran violencia de xénero, como a:

- a) Fillos e fillas menores de idade e outras persoas dependentes delas que viven ou padezan situacóns de violencia de xénero
b) Só para fillos e fillas menores de idade, dependentes dela que viven ou padezan situacóns de violencia de xénero.
c) Homes con problemas de violencia machista.
d) a e c son correctas

15) O Protocolo de Colaboración entre a FEGAMP e a SXI pretende:

- a) Crear estruturas de coordinación nos centros educativos.
b) Impulsar actuacóns contra a violencia de xénero no ámbito local de forma coordinada.
c) Promover accións de igualdade nas administracóns locais no eido laboral.
d) Todas son correctas.

16) Cal das seguintes alternativas é un recurso da Secretaría Xeral de Igualdade (Xunta de Galicia) desenvolto a partir dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia co COP Galicia:

- a) Programa para homes con problemas de control de violencia, Abramos o círculo
b) Programa de intervención terapéutica con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual
c) Asesoramento Xurídico On-line
d) Programa ATENEA

17) O CIM deberá contar, como mínimo, co seguinte persoal cualificado:

- a) Director/a, asesor/a xurídica e axente de igualdade.
b) Director/a e asesor/a xurídica.



c) Director/a, asesor/a xurídica e promotora de igualdade.

d) Director/a, asesor/a xurídica e asesor/a psicolóxica.

18) O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, incorpora cambios nos CIMs, en relación co anterior nos seguintes aspectos:

a) Incorpora a atención ao colectivo LGTBI+

b) Crea a Rede CIM.

c) Amplía as horas de atención psicolóxica e xurídica mínima, de 6 a 10 .

d) Todas son correctas.

19) A Lei 12/2016, do 22 de xullo, estende a axuda periódica a

a) A menores vítimas de violencia.

b) A persoas dependentes das vítimas de violencia de xénero.

c) A mulleres e nenas que resulten vítimas do delito de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

d) A orfas/os das vítimas de violencia de xénero.

20) O Convenio de Istambul do Consello de Europa fírmase

a) O 11 de maio de 2014.

b) O 11 de abril de 2011.

c) O 11 de maio de 2011.

d) Ninguna es correcta.

21) No artigo 8 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, onde se detallan os requisitos funcionais dos CIMs, en relación co horario de atención ao público de luns a venres, establecese un mínimo de:

a) 6 horas diarias (alomenos 2 en horario de tarde, semanalmente)

b) 8 horas diarias (alomenos 2 en horario de tarde)

c) 5 horas diarias (alomenos 2 en horario de mañá).

d) Atención xurídica mínima de 12 horas semanais.



22) O Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, establece como órganos consultivos e de participación

- a) O Consello Galego das Mulleres.
- b) A creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero
- c) A Comisión Interdepartamental de Igualdade.
- d) Todas elas son correctas.

23) A normativa vixente establece que as/os usuarias/os para ser atendidas nun CIM deben de cumplir o requisito indispensable de

- a) Estar empadroadas no concello onde se localiza o CIM, ou nun concello que teña convenio firmado co mesmo.
- b) Ser muller en situación de vulnerabilidade.
- c) Ser muller vítima de violencia de xénero .
- d) Ningunha das anteriores é correcta

24) Entre os principios de actuación do Protocolo de coordinación e cooperación fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, establecense:

- a) Fomento da autoestima e autonomía das persoas afectadas pola violencia de xénero.
- b) Creación de Mesas Locais para a coordinación fronte á violencia de xénero.
- c) Coordinación entre as actuacións de distintas entidades, axentes clave e administracións que interveñen ante unha situación de violencia de xénero.
- d) b y c son correctas.

25) Especificanse como beneficiarias no artigo 5, da Lei 5/2010, do 23 de xuño

- a) Mulleres xestantes en especial situación de risco.
- b) Mulleres xestantes menores de idade.
- c) Mulleres maiores de 40 anos.
- d) a e b son correctas.

26) Segundo a normativa que regula os CIMs, no artigo 14 do Decreto 130/2016, establecécese que a Memoria anual deberá ser remitida ao órgano competente en materia de igualdade da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia antes da data

- a) 31 de decembro do ano ao que fai referencia.

- b) 31 de xaneiro do ano seguinte ao que fai referencia.
- c) 15 de xaneiro do ano seguinte ao que fai referencia.
- d) 15 de febreiro do ano seguinte ao que fai referencia.

27) Cal é a lei sobre medidas para a incorporación e valoración do impacto de xénero nas disposicións que elabore o Goberno:

- a) Lei 31/1995, do 8 de novembro.
- b) Lei 30/2003, do 13 de outubro.
- c) Lei 27/2003, do 31 de xullo.
- d) Todas son incorrectas.

28) Segundo o Real Decreto – Lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación formula no seu artigo 1., a necesidade de estender a obriga de redacción de plans de igualdade a empresas de cincuenta ou más traballadores, tendo de prazo ata:

- a) Marzo de 2020
- b) Marzo de 2021
- c) Marzo de 2022
- d) Todas son incorrectas

29) Dentro das funcións do CIM, establecidas no artigo 5 do Decreto 130/2016, non figura:

- a) Impulso ás mesas locais de coordinación.
- b) Actuacions de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade no ámbito comunitario.
- c) Elaboración de plans de igualdade municipal.
- d) Recepcción de denuncias e queixas en materia de discriminación.

30) Segundo o artigo 3 do Real Decreto-Lei 6/2019, do 1 de marzo, a equiparación de permisos de maternidade e paternidade, quedará establecida en 16 semanas para cada proxenitor:

- a) A partir da entrada en vigor do decreto-lei
- b) A partir do 1 de xaneiro de 2020.
- c) A partir do 1 de xaneiro de 2021.
- d) A partir do 1 de xaneiro de 2022.



31) Entre as causas de extinción de oficio que se recollen no artigo 19 do Decreto 130/2016 é falsa:

- a) A perda das condicións e requisitos esixidos ou o incumprimento das obrigas contraídas e recollidas no decreto.
- b) A suspensión de actividade do centro por un período superior a 1 mes se a actividade é total ou un período superior a 2 meses se afecta a algún requisito illado dos esixidos no decreto.
- c) A prestación do servizo no mesmo ámbito territorial por outro CIM, de acordo co establecido no artigo 3.4 do decreto.
- d) O incumprimento das obrigas de actualización de datos e colaboración na achega de información á Administración Xeral da Comunidade Autónoma da Galicia establecidas no artigo 14.

32) O Programa de Abramos o círculo está dirixido

- a) A menores vítimas de violencia de xénero.
- b) A mulleres vítimas de abusos sexuais.
- c) A homes con problemas de control da violencia que desexen mellorar en hábitos positivos de convivencia e relación en igualdade.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

33) O Programa de atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero está dirixido a

- a) Calquera muller que o solicite de xeito gratuito e anónimo.
- b) Soamente vítimas de violencia de xénero con orde de afastamento en vigor.
- c) Mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero, así como menores e outras persoas dependentes de estas mulleres que teñan pasado pola mesma situación.
- d) Todas son incorrectas.

34) A Quenda de garda psicolóxica especializada de urxencia para mulleres e os seus fillos e fillas menores, en situación de violencia de xénero, pode ser activada:

- a) As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado radicados en Galicia.
- b) A Policía Autonómica e a Policía Local de Galicia.
- c) Os xulgados con competencias en materia de violencia de xénero.
- d) Todas son correctas.



35) O Pacto de Estado contra a violencia de xénero recoñece ás entidades locais:

- a) Como ineficaces para a loita contra a violencia de xénero.
- b) Como a administración máis próxima á ciudadanía e por ende ás vítimas.
- c) Como administracións sen competencias en materia de igualdade .
- d) Todas son incorrectas.

36) As situacións de violencia de xénero que darán lugar ao recoñecemento dos dereitos regulados acreditaranse mediante

- a) Orde de Protección ou sentenza condenatoria por un delito de vx.
- b) Informe dos Servizos Sociais.
- c) Informe da directora do CIM.
- d) Todas son correctas.

37) O Real Decreto - Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado, modifica o artigo 27.5 da Lei Orgánica 1/2004

- a) Incluíndo o servizo ATENPRO.
- b) Incluíndo a compatibilidade das axudas económicas de carácter autonómico e local concedidas por vx.
- c) Incluíndo a Acreditación de vítimas por parte dos servizos especializados.
- d) Todas son incorrectas.

38) O Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, regula

- a) A rede de apoio á muller embarazada
- b) O programa de inserción laboral a mulleres víctimas de vx.
- c) A creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sufren violencia de Xénero.
- d) Os órganos consultivos en materia de igualdade na Comunidade Autónoma de Galicia.



- 39) A IV conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Beijing en 1995 acuñou dous conceptos que con posterioridade se incorporaron aos instrumentos de planificación e normativa en igualdade
- a) Apoderamento e Mainstreaming de xénero.
 - b) Apoderamento e sororidade.
 - c) Medidas de discriminación positiva.
 - d) Sororidade e Mainstreaming de xénero.
- 40) O Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero ten a súa sede
- a) Nas capitais de provincia.
 - b) Na cidade de Ourense.
 - c) Na cidade de Santiago de Compostela.
 - d) Na cidade de Vigo.



PREGUNTAS DE RESERVA

- 1) O acceso ao Centro de Recuperación Integral realizarase mediante procedimentos protocolizados de derivación a través de:**
 - a) Centros que componen a Rede Galega de Información ás Mulleres.
 - b) Centros da Rede Galega de Acollemento.
 - c) Garda Civil
 - d) a e b son correctas.
- 2) Cales dos seguintes programas están vinculados ao COPG.**
 - a) Programa LIANA
 - b) Programa de Mediación Intraxudicial
 - c) Programa de Atención psicológica a víctimas.
 - d) b e c son correctas.
- 3) A teoría da indefensión aprendida, no caso da violencia de xénero:**
 - a) Explica que debido ao desgaste psicológico e tras reiterados episodios de violencia, a muller interioriza a inutilidade das súas estratexias para evitálos e queda sometida e anulada, entendendo que calquera cousa que faga vai resultar inútil.
 - b) A teoría da indefensión aprendida foi proposta inicialmente por Seligman
 - c) A teoría da indefensión aprendida foi proposta inicialmente por Leonor Walker
 - d) a e b son correctas
- 4) Agresión OFF é un recurso de:**
 - a) Información e asesoramento xurídico sobre diversas cuestións, entre elles a violencia de xénero, agresións e abusos sexuais, o acoso sexual, a conciliación familiar, discriminacións por razón de sexo, prostitución e trata, etc.
 - b) É unha App institucional da Xunta de Galicia, con información útil e consellos para evitar e previr agresións sexuais, así como pautas para saber a onde dirixirse para maior apoio e información.



AUTORIDADES CONSEJERÍAS E DEPARTAMENTOS

- c) É un servizo telefónico gratuito e anónimo que funciona as 24 horas do día, con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia.
- d) É unha aplicación da SX de Igualdade de la Xunta de Galicia en colaboración co CPEIG que ten como obxectivo proporcionar información de utilidade ás mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero e a todas as persoas que poidan axudar a terminar con este tipo de situacions.

PROTECCIÓN DE DATOS

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS DA PERSONA FÍSICA

PROTECCIÓN DE DATOS

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS DA PERSONA FÍSICA

PROTECCIÓN DE DATOS

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS DA PERSONA FÍSICA

O Concello de O Pereiro de Aguiar (en adelante "o Concello") é o titular dos datos persoais que se recollen no seu sitio web, así como na aplicación móbil "O Pereiro de Aguiar". O Concello garante a confidencialidade e a integridade dos datos persoais que se recollen, así como a su adecuada protección, en conformidade co que establecen as leis e regulamentos de protección de datos persoais.

O Concello recolle os datos persoais que se indican a continuación:

• Dados de contacto: nome, apelido, dirección, teléfono, correo electrónico, etc.

• Datos de identificación: NIF, NIE, pasaporte, etc.

• Datos de identificación: NIF, NIE, pasaporte, etc.

O Concello recolle os datos persoais que se indican a continuación:

• Dados de contacto: nome, apelido, dirección, teléfono, correo electrónico, etc.

• Datos de identificación: NIF, NIE, pasaporte, etc.

PLANTILLA RESPOSTAS ASESOR PSICOLÓXICO (CIM)	
PREGUNTAS TIPO TEST	RESPOSTA CORRECTA
1	d
2	a
3	d
4	d
5	d
6	d
7	d
8	d
9	b
10	b
11	d
12	b
13	d
14	d
15	b
16	a
17	d
18	d
19	c
20	c
21	c
22	d

23	d
24	d
25	d
26	d
27	b
28	c
29	c
30	c
31	b
32	c
33	c
34	d
35	b
36	d
37	b
38	c
39	a
40	c
PREGUNTAS RESERVA TIPO TEST	RESPOSTA CORRECTA
1	d
2	d
3	d
4	b